

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020



Colegio Miraflores  
Ourense

COLEGIO MIRAFLORES OURENSE  
4º EDUCACIÓN INFANTIL  
05 DE MAIO DE 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.



## ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**



ÁREA DE COÑECEMENTO DE SÍ MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	INDICADORES DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS
1. Recoñecer o corpo e as súas partes en si mesmo e nos outros	Segmentos corporais superiores e inferiores	Recoñecer, identificar e representar o corpo na súa globalidade e as súas diferentes partes.	Sinala as partes principais do seu corpo.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Competencia para aprender a aprender</li> <li>- Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico</li> <li>- Autonomía e iniciativa persoal.</li> </ul>
	Diferenzas e semellanzas corporais nun mesmo e cos seus iguais		Identifica e nomea elementos de segmentos corporais.	
		Capta e describe diferenzas e semellanzas entre persoas.		
		Logra un esbozo da figura humana, diferenciando: cabeza e corpo, brazos, mans, pernas e pes.		
2. Controlar o movemento do corpo nas súas acción, coordinando os diferentes segmentos.	Coordinación e control global e segmentario do propio corpo	Coordinar e controlar o seu corpo, as súas posibilidades motrices e adaptalo ás características dos obxectos, á acción e á vida cotiá.	Ten unha boa coordinación de movementos	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Competencia para aprender a aprender</li> <li>- Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico</li> <li>- Autonomía e iniciativa</li> </ul>
	Mantemento do equilibrio nas accións motrices.		Globalmente móvese con axilidade	
	Relaxación autónoma en ambientes tranquilos		Salta sen dificultade	
			Mantén o equilibrio	



			estático e dinámico É capaz de relaxarse e descansar cando hai un ambiente propicio	persoal.
3. Adquirir unha imaxe axustada e positiva dun mesmo, recoñecendo as súas posibilidades e limitacións.	Autonomía e iniciativa nos xogos de grupo	Construír unha imaxe positiva propia e aceptar a súa identidade, manifestando confianza nas súas posibilidades e recoñecendo as súas limitacións.	Gústalle facer encargos e ter responsabilidades. É quen de solicitar axuda cando a precisa.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Competencia para aprender a aprender</li> <li>- Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico</li> <li>- Autonomía e iniciativa persoal.</li> </ul>
	Participación e asunción de responsabilidades nas tarefas de aula		Amósase espontáneo/a nos seus comportamentos cotiáns Intégrase en xogos de grupo, cooperando cos demais nenos e nenas.	
4. Mellorar a motricidade fina grossa a través de actividades manipulativas que esixan maior precisión e destreza.	Orientación espacial correcta atendendo a consignas verbais.	Participar en xogos, mostrando destrezas motoras e habilidades manipulativas cada vez máis axustadas	Gústalle participar en xogos que supoñen exercicio motor, como carreiras ou saltos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Competencia para aprender a aprender</li> <li>- Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico</li> <li>- Autonomía e iniciativa persoal.</li> <li>- Competencia matemática.</li> </ul>
	Emprego da pinza de forma correcta		Reproduce movementos a partir de consignas verbais (acochados, saltando...).	
	Localización de obxectos atendendo a nocións espaciais relativas ao corpo.		Presenta unha boa motricidade fina. Abotóase correctamente Sitúa os obxectos e localízaos: diante-detrás, dentro-fóra, arriba-abaxo,	



			preto-lonxe, enribadebaixo, primeiro-derradeiro.	
5. Respetar as normas dos xogos colectivos nos que participa	Regras do xogo	Participar en xogos e actividades colectivas aceptando as normas que os rexen.	Intégrase en xogos de grupo	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Competencia para aprender a aprender</li> <li>- Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico</li> <li>- Autonomía e iniciativa persoal.</li> <li>- Competencia social e cidadá</li> </ul>
	Emprego de normas de cortesía (disculpas) nos conflitos que xurdan		Acepta as regras dos xogos	
	Interese e participación nos xogos propostos		Pide perdón cando molesta ou cando lle fai daño a unha compañeira ou compañeiro.	
			Mantense participando nun mesmo xogo un tempo importante.	
		Amosa interese polos xogos cooperativo e en parella.		
6. Mostrar autonomía e iniciativa en situacións da vida cotiá.	Cumprimento das normas e aceptación das mesmas.	Resolver con iniciativa e autonomía as actividades da vida cotiá, colaborar en tarefas e aceptar as normas.	Actúa autonomamente	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Competencia para aprender a aprender</li> <li>- Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico</li> <li>- Autonomía e iniciativa persoal.</li> <li>- Competencia social e</li> </ul>
	Autonomía e responsabilidade nas tarefas diarias.		Acepta e cumpre coas responsabilidades que se lle asignan	
	Atención continuada na realización das actividades		Respecta os compañeiros e compañeiras e persoas adultas	
			Entende as consignas e	



			ségueas É capaz de concentrarse un tempo na mesma actividade.	cidadá.
7. Recoñecer a importancia dun estado de benestar para unha boa saúde.	Hábitos diarios de hixiene e limpeza.	Manifestar hábitos de saúde, alimentación, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.	Identifica as necesidades dos hábitos de hixiene diario.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Competencia para aprender a aprender</li> <li>- Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico</li> <li>- Autonomía e iniciativa persoal.</li> <li>- Competencia social e cidadá.</li> </ul>
	Autonomía nos hábitos de aseo.		Vai só e emprega axeitadamente o servizo.	
	Importancia dunha alimentación sana e equilibrada.		Recoñece as necesidades básicas do corpo	
	Orde nas saídas e entradas da aula.		Toma conciencia da necesidade de alimentarse de forma saudable. Entra e sae da aula con orde.	
8. Desenvolver e mostrar hábitos de limpeza, hixiene e alimentación.	Coidado e limpeza do seu espazo persoal de clase.	Manifestar hábitos de saúde, alimentación, hixiene corporal e benestar utilizando adecuadamente espazos e materiais.	Coloca a roupa na súa percha.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Competencia para aprender a aprender</li> <li>- Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico</li> <li>- Autonomía e iniciativa persoal.</li> <li>- Competencia social e</li> </ul>
9. Manter os espazos e materiais limpos e ordenados	Orde e recollida de materiais nas actividades de aula.		Ao rematar unha actividade individual ou grupal, ordena o material.	



				cidadá.
--	--	--	--	---------

ÁREA DE COÑECEMENTO DA CONTORNA

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	INDICADORES DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS
<p>1. Descubrir e coñecer o propio corpo, regalo de Deus.</p> <p>2. Recoñecer a importancia da auga para a súa vida: a vida e a auga son regalos de Deus.</p> <p>3. Respetar as persoas e cousas do seu contorno.</p>	<p>-O propio corpo, regalo de Deus.</p> <p>-Importancia da auga para súa vida.</p> <p>-As persoas e cousas do seu contorno.</p> <p>-A auga é o elemento máis importante no bautismo.</p>	<p>-Descubriu o propio corpo, regalo de Deus.</p> <p>-Saber que a auga é o elemento máis importante no bautismo.</p> <p>-Describiu elementos e relatos relixiosos cristiáns.</p>	<p>-Coñece o corpo como regalo de Deus.</p> <p>-Coñece a importancia da auga.</p> <p>-Descubre elementos Cristiáns.</p> <p>-Recoñece a Virxe María como nai de Xesús e dos Cristiáns.</p>	<p>-Autonomía e iniciativa persoal.</p> <p>-Competencia para aprender a aprender.</p> <p>-Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico e social.</p> <p>- Competencia social e cidadá</p>



<p>4. Saber que a auga é o elemento máis importante no bautismo.</p> <p>5. Observar e describir elementos e relatos relixiosos cristiáns.</p> <p>6. Coñecer o relato bíblico do bautismo de Xesús.</p> <p>7. Observar e describir elementos e relatos relixiosos cristiáns.</p>	<p>-Os elementos e relatos relixiosos cristiáns.</p> <p>-O relato bíblico do bautismo de Xesús.</p> <p>-Os elementos e relatos relixiosos cristiáns que lle permitan ao neno desenvolver os valores e actitudes básicas de respecto, confianza, alegría e admiración.</p> <p>-A eucaristía como a celebración máis importante para os cristiáns.</p>	<p>-Descubriu que a Virxe María é a nai de Xesús e tamén a nai de todos os cristiáns, que forman unha gran familia.</p> <p>-Valorou a eucaristía como a celebración máis importante para os cristiáns.</p>	<p>-Valora a Eucaristía Como a celebración dos Cristiáns.</p>	
---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------	---------------------------------------------------------------	--





<p>8. Recoñecer a María, nai de Xesús, nas súas diferentes representacións.</p> <p>9. Valorar a eucaristía como a celebración máis importante para os cristiáns.</p>				
<p>10. Discriminar obxectos atendendo ás súas calidades.</p> <p>11. Identificar atributos dos elementos da contorna.</p> <p>12. Agrupar, clasificar e ordenar conxuntos de elementos segundo diversos criterios.</p>	<p>Descrición de obxectos.</p>	<p>Explorar os obxectos e elementos do contorno inmediato e actuar sobre eles. Recoñecer os seus atributos e calidades. Agrupar, clasificar e ordenar estes elementos e coleccións, segundo distintos criterios.</p>	<p>Sabe describir algún atributo dun obxecto</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Competencia matemática</li> <li>- Competencia en comunicación lingüística</li> <li>- Competencia para aprender a aprender</li> <li>- Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico</li> <li>- Autonomía e iniciativa persoal.</li> </ul>
<p>Identificación de atributos: cor, forma e tamaño</p>		<p>Compara, clasifica e agrupa os obxectos segundo as súas propiedades físicas, atendendo á posesión dalgún atributo.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Competencia matemática</li> <li>- Competencia en comunicación lingüística</li> <li>- Competencia para aprender a aprender</li> </ul>	
<p>Series atendendo a criterios</p>		<p>Pode reunir diversos</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Competencia no</li> </ul>	



	datos		<p>obxectos de xeitos diferentes, cambiando o criterio de agrupamento.</p> <p>Realiza series sinxelas seguindo un criterio dado.</p> <p>Enumera diferenzas e semellanzas entre obxectos pola cor, forma e tamaño.</p> <p>A partir dunha colección feita cun criterio, agrupa os elementos noutras dúas ou tres seguindo un novo criterio.</p>	<p>coñecemento e interacción co mundo físico</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Autonomía e iniciativa persoal.</li> </ul>
	Comparación agrupación e clasificación.			
13. Utilizar o número en situacións cotiás e recoñecer o seu uso funcional na resolución de problemas.	<p>Identificación dos números da recta numérica.</p> <p>Asociación correcta número-cantidade</p> <p>Grafía dos números 1,2,3</p> <p>Emprego do número en situación contextualizadas e sociais (compañeiros/as de clase, conteo na fila, conxuntos...)</p> <p>Resolución de problemas de xeito manipulativo con cálculo mental sinxelo.</p>	<p>Empregar os números para identificar, contar, clasificar, informarse e ordenar elementos da realidade, aproximándose ao seu valor notacional e conceptual.</p>	<p>Interésanlle os números e o seu emprego na vida cotiá.</p> <p>Asocia algúns números coas cantidades que representan.</p> <p>Coñece a serie numérica.</p> <p>Escribe os números convencionalmente</p> <p>Emprega os cuantificadores para resolver problemas</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Competencia matemática</li> <li>- Competencia en comunicación lingüística</li> <li>- Competencia para aprender a aprender</li> <li>- Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico</li> <li>- Autonomía e iniciativa persoal.</li> </ul>



	Iniciación ás operacións básicas de suma e resta.		<p>matemáticos por estimación (máis que, tanto como, menos que).</p> <p>Participa en xogos de mesa sinxelos.</p> <p>Fai uso do número en situacións funcionais e cun valor conceptual como: indicar as cantidades dos ingredientes dunha receita, recoller o número de nenos que asisten a unha excursión, compoñentes dun equipo...</p> <p>Resolve manipulativamente pequenos problemas e situacións problemáticas concretas relacionados coa súa vida diaria que implican a aplicación de operación de cálculo sinxelas.</p>	
14. Resolver problemas a través do emprego das magnitudes básicas.	Medida e comparación de magnitudes: lonxitude e capacidade (largo-corto/grande-pequeno/cheo-vacío)	Empregar e comparar magnitudes de peso, lonxitude e capacidade coa finalidade de resolver problemas relacionados	<p>Mide obxectos e ordénaos: máis grande que, máis pequeno que.</p> <p>Emprega medidas arbitrarias de</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Competencia matemática</li> <li>- Competencia en comunicación lingüística</li> <li>- Competencia para aprender a aprender</li> </ul>



		con situacións cotiás.	lonxitude(varas, cordeis...) e capacidade (mans, cuncas, botellas...) para resolver situacións problemáticas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico</li> <li>- Autonomía e iniciativa persoal.</li> </ul>
15. Identificar elementos e figuras xeométricas básicas	<p>Figuras xeométricas: círculo, cadrado, rectángulo, triángulo, liñas, puntos...</p> <p>Representación de corpos xeométricos</p>	Recoñecer algún aspectos xeométricos básicos – liñas, puntos, rectángulos, cadrados, triángulos, círculos, esferas, cubos–	<p>Recoñece algunhas figuras xeométricas: rectángulo, cadrado, círculo, triángulo.</p> <p>Representa as formas xeométricas básicas.</p> <p>Asocia as figuras xeométricas coas formas presentes no seu contorno.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Competencia matemática</li> <li>- Competencia en comunicación lingüística</li> <li>- Competencia para aprender a aprender</li> <li>- Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico</li> <li>- Autonomía e iniciativa persoal.</li> </ul>
16. Realizar trazos con direccionalidade variada.	Trazos con diferente direccionalidade (horizontal, vertical, oblicuo, circular)			
17. Localizar e ubicar no espazo obxectos atendendo a nocións.	Nocións espaciais: dentro-fóra, preto-lonxe, abaixo-arriba, diante-detrás, ao lado (un lado e outro lado)-no medio.	Describir e representar dun xeito elemental a situación das propias nenas e nenos en relación cos obxectos e as demais persoas, usando vocabulario topolóxico elemental.	<p>Coloca os obxectos e localízaos empregando as nocións: dentro-fóra, preto-lonxe, abaixo-arriba, diante-detrás, ao lado (un lado e outro lado)-no medio.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Competencia matemática</li> <li>- Competencia en comunicación lingüística</li> <li>- Competencia para aprender a aprender</li> <li>- Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico</li> </ul>



				- Autonomía e iniciativa persoal.
18. Comprender a noción de tempo atendendo a referencias temporais significativas.	Cambios que se producen co paso das estación do ano	Usar e comprender nocións temporais básicas ordenando temporalmente feitos referidos á súa vida.	Pode relacionar feitos concretos cunha determinada época do ano (estacións do ano).	- Competencia matemática
	Adquisición do horario en base ás rutinas		Asocia tempos horarios con determinadas accións (saída ao recreo, xantar, durmir...).	- Competencia en comunicación lingüística
	Diferenciación día-noite		Diferenza as nocións temporais de: día-noite.	- Competencia para aprender a aprender
19. Mostrar interese polo entorno natural e os cambios que nel se producen.	Identificación de elementos naturais a través da observación	Dar mostras de interesarse polo medio natural e os seus cambios. Identificar e nomear algúns dos seus compoñentes, establecendo relación de interdependencia. Manifestar actitudes de coidado e respecto cara á natureza e participar en actividades para conservala.	Descobre aspectos novos a través das súas observacións.	- Competencia matemática
	Cambios dos elementos e fenómenos naturais.		Diferenza entre ser vivo e obxecto inerte	- Competencia en comunicación lingüística
	Xerminación de verduras e froitas: lentellas, leitugas e cebolletas. Observación e seguimento do proceso.		Sabe diferenciar fenómenos atmosféricos habituais (sol, choiva, xeo...).	- Competencia para aprender a aprender
20. Recoñecer elementos básicos da contorna e establecer relacións significativas entre eles.			A observación lévao a formular interrogantes e a buscar explicacións sobre as abellas.	- Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico
21. Identificar seres vivos do entorno natural, manifestando unha actitude de coidado e respecto do	A abella: insecto e anatomía			- Autonomía e iniciativa persoal.



mesmo.	Actividades produtivas das abellas: polinización, mel e cera		Describe características físicas (partes, forma, cor...) e funcionais (alimentación, desprazamento...) de animais e plantas.	
	Modo de vida das abellas: enxame, colmea e panal.		Relaciona determinados animais co seu hábitat natural.	
	Tipos de abella		Gústalle participar nos proxectos e pequenas investigacións que se fan na aula.	
	Coidado e respecto no medio natural e normas para a súa conservación		Coñece os coidados básicos que requiren as plantas e animais para vivir.	
	Iniciación ao reciclaxe e á reutilización.		Goza ao realizar actividades individuais e de grupo en contacto coa natureza.	
	Uso e valoración da horta escolar.		Identifica normas básicas para a conservación do contorno. É respectuoso/a co medio no que vive. Amósase sensible cara á conservación e mantemento de ambientes	



			limpos e non contaminados.	
22. Iniciarse no descubrimento no proceso vital das plantas e animais.	Proceso de crecemento da planta e coidados necesarios para o seu mantemento.	Identificar e recoñecer as diferentes etapas da vida nas persoas e noutros seres vivos	Identifica características e cambios nos procesos de crecemento e etapas de desenvolvemento das plantas e animais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Competencia matemática</li> <li>- Competencia en comunicación lingüística</li> <li>- Competencia para aprender a aprender</li> <li>- Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico</li> <li>- Autonomía e iniciativa persoal.</li> </ul>
	Proceso da abella: ovo, larva, pupa e abella.		Identifica as necesidades nas etapas de desenvolvemento das persoas e doutros seres vivos (alimentación, hixiene, comunicación...).	
	Comunicación das abellas: a danza			
23. Recoñecer a función das persoas do centro e asumir responsabilidades individuais e sociais. 24. Mostrar actitudes de compañeirismo e responsabilidade nos xogos e tarefas	Rol persoal, do docente e dos compañeiros.	Identificar e coñecer os grupos sociais máis significativos do seu contorno e algunhas características da súa organización.	Identifica o rol do profesor na aula.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Competencia matemática</li> <li>- Competencia en comunicación lingüística</li> <li>- Competencia para aprender a aprender</li> <li>- Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico</li> <li>- Autonomía e iniciativa persoal.</li> </ul>
			Gústalle compartir xogos cos compañeiros e compañeiras. Asume as responsabilidades que lle son asignadas.	
25. Recoñecer algunha profesión vinculada ao	O apicultor: vestimenta e utensilios	Recoñecer, identificar e poñer exemplos	Coñece distintos oficios e recoñece o seu valor na	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Competencia matemática</li> <li>- Competencia en</li> </ul>



coidado e mantemento das abellas.		sinxelos dalgúns servizos comunitarios.	sociedade.	comunicación lingüística - Competencia para aprender a aprender - Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico Autonomía e iniciativa persoal.
-----------------------------------	--	-----------------------------------------	------------	---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

ÁREA DE LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	INDICADORES DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS
1. Observar a propia respiración e tratar de controlala para chegar a un estado de relaxación	A respiración profunda: a relaxación	Controlar a súa respiración e relaxarse	Respira profundamente na escoita de diversas pezas musicais. Controla a súa respiración na escoita de cancións	Cultural e artística Aprender a aprender
2. Explorar, descubrir e discriminar sons producidos por materiais diversos de uso cotiá e de desfeito.	Obxectos sonoros e instrumentos musicais	Realizar tres sons diferentes cun mesmo material	Discrimina sons producidos por diferentes materiais: cartón, plástico, cristal...	Cultural e artística Aprender a aprender
3. Coñecer diferentes formas de facer soar un instrumento	Instrumentos musicais de percusión	Golpear, axitar ou rascar un instrumento de	Goza coa manipulación de instrumentos como o	Cultural e artística Aprender a aprender





		percusión para facelo soar	tambor, as maracas, pandeiretas...	
4. Cantar cancións suprimindo algunha palabra e seu xesto correspondente.	O silencio e o ritmo interior	Interpretar cancións	Executa o silencio nas pezas escoitadas Goza co canto de cancións xestuais	Cultural e artística Aprender a aprender
5. Recordar os sons corporais traballados e facer ritmos sinxelos con eles	Os sons do noso corpo	Reproducir tres sons diferentes sobre o seu corpo	Realiza ritmos corporais sinxelos: mans, pés, boca... Participa nas actividades de movemento	Cultural e artística Aprender a aprender
6. Reproducir esquemas rítmicos sinxelos	Ritmos con obxectos de materiais diversos	Distinguir e imitar distintos ritmos	Reproduce ritmos sinxelos con botellas, caixas, botes...	Cultural e artística Aprender a aprender
7. Coñecer como se fabrican instrumentos de percusión sinxelos	Fabricación de instrumentos musicais	Construír instrumentos e utilízalos como acompañamento rítmico	Constrúe maracas, tambor, pandeireta con materiais de desfeito	Cultural e artística Aprender a aprender
8. Aprender xogos populares e cancións tradicionais	Xogos e cancións	Cantar e participar nos xogos e cancións.	Memoriza cancións como "Luna, lunera", "Lúa que bonita é"...e xogos de corro.	- Cultural e artística - Aprender a aprender
9. Mostrar iniciativa e gusto pola lingua estranxeira e participar en xogos interactivos que impliquen o uso oral.	Disfrute e pracer no emprego da lingua estranxeira en rutinas, xogos e actividades interactivas de aula.	Amosar unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira, interesándose por participar en interaccións orais en rutinas, xogos e situacións habituais de comunicación.	Amosa interese por participar en interaccións orais nunha lingua estranxeira.	- Competencia en comunicación lingüística - Competencia para aprender a aprender - Competencia cultural e artística. - Autonomía e iniciativa persoal.
	O xesto e movemento como forma recurso para a expresión en lingua		Mantén unha actitude positiva cara á lingua estranxeira.	



	estranxeira.			
	Uso adecuado das normas de cortesía e saúdo convencionais.		Participa empregando formas non lingüísticas (xestos, accións) en actividades desenvolvidas na lingua estranxeira.	
			Emprega expresións convencionais de cortesía.	
10. Empregar e explorar diferentes técnicas e recursos plásticos como forma de expresión e comunicación.	Recursos e técnicas: pinceis, esponxas, papel, elementos da contorna; estampación, collage, puntillismo, modelado...	Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais.	Explora as posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais (papeis, cartón, arame, plástico, teas, cortiza, barro...) e útiles (rasquetas, cepillos, esponxas, pinceis...) como recurso e medio de expresión.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Competencia en comunicación lingüística</li> <li>- Competencia para aprender a aprender</li> <li>- Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico</li> <li>- Autonomía e iniciativa persoal.</li> <li>- Competencia cultural e artística.</li> </ul>
			Emprega todas as cores.	
			Mestura as cores	
11. Valorar e empregar as TIC como recurso de aprendizaxe e recollida de información.	Gusto polo emprego das TIC como apoio ás aprendizaxes.	Utilizar, na medida das súas posibilidades, a linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da información e comunicación como vehículo de expresión e comunicación.	Demostra interese e gusto polas actividades nas que se empregan as TIC.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Competencia para aprender a aprender</li> <li>- Autonomía e iniciativa persoal.</li> <li>- Competencia cultural e artística.</li> <li>- Tratamento da información e</li> </ul>



				competencia dixital.
12. Empregar e recoñecer a lingua oral como forma esencial de comunicación entre persoas.	Gusto e interese pola expresión de ideas, emocións e pensamentos.	Utilizar a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva con iguais e con persoas adultas, segundo as intencións comunicativas.	Manifesta interese por comunicarse con outras persoas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Competencia en comunicación lingüística</li> <li>- Competencia para aprender a aprender</li> <li>- Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico</li> <li>- Autonomía e iniciativa persoal.</li> <li>- Competencia cultural e artística.</li> </ul>
	Respecto de quenda de palabra e escoita activa dos compañeiros.		Respecta as quendas de palabra e sabe escoitar	
	Estruturación correcta de frases sinxelas.		É quen de solicitar axuda verbalmente cando a precisa.	
Expresa con espontaneidade e coherencia emocións, sentimentos e vivencias.				
			Usa frases de construción sinxela.	
13. Utilizar a lingua oral con intencionalidade comunicativa.	Léxico e gramática apropiada ao contexto comunicativo.	Utilizar a lingua oral do modo máis conveniente para unha comunicación positiva con iguais e con persoas adultas, segundo as intencións comunicativas.	Ten unha linguaxe fluída.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Competencia en comunicación lingüística</li> <li>- Competencia para aprender a aprender</li> <li>- Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico</li> <li>- Autonomía e iniciativa persoal.</li> <li>- Competencia cultural e artística.</li> </ul>
	Fluidez verbal, coherencia e corrección		Emprega expresións convencionais de cortesía.	



<p>14. Entender a intención comunicativa de mensaxes orais</p>	<p>Escoita activa e atenta nas explicacións e conversacións de aula.</p>	<p>Comprender mensaxes orais diversas, mostrando unha actitude de escoita atenta e respectuosa.</p>	<p>Comprende as explicacións que se dan na clase</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Competencia en comunicación lingüística</li> <li>- Competencia para aprender a aprender</li> <li>- Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico</li> <li>- Autonomía e iniciativa persoal.</li> <li>- Competencia cultural e artística.</li> </ul>
<p>15. Iniciarse na lectoescritura a través da toma de contacto cos textos escritos, en situacións funcionais e contextualizadas, mostrando un gusto e pracer polos mesmos.</p>	<p>Identificación e recoñecemento do propio nome e dalgún compañeiro/a de clase</p>	<p>Mostrar interese polos textos escritos presentes na aula e no contorno próximo, iniciándose no seu uso e na comprensión das súas finalidades.</p>	<p>Fai preguntas para coñecer o que está escrito en carteis, revistas...</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Competencia en comunicación lingüística</li> <li>- Competencia para aprender a aprender</li> <li>- Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico</li> <li>- Autonomía e iniciativa persoal.</li> <li>- Competencia cultural e artística.</li> </ul>
<p>Interese por descubrir o significado de carteis, etiquetas, títulos...</p>	<p>Interesarse e participar nas situacións significativas de lectura e escritura que se producen na aula</p>	<p>É quen de inventar e interpretar o que pon un texto deducíndoo da súa finalidade e do contexto.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Autonomía e iniciativa persoal.</li> <li>- Competencia cultural e artística.</li> </ul>	
<p>Creación de títulos e pequenas historias a partir de unha imaxe dada.</p>	<p>desenvolvidas por persoas lectoras e escritoras</p>	<p>Recoñece o seu nome e o das compañeiras/os</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-</li> </ul>	



	Diferenciación de palabras atendendo a propiedades cualitativas e cuantitativas.	competentes.	Percibe diferenzas e semellanzas entre palabras atendendo a propiedades cuantitativas (cantidade de letras, palabras longas e curtas) e cualitativas (variedade de grafías).	
	Discriminación das vogais e algunhas consoantes atendendo ao son e á grafía.			
	Vocabulario significativo do proxecto das abellas.			
16. Iniciarse na produción escrita	Escritura de vogais e letras do seu nome.	Producir diferentes textos individualmente ou en grupo –con escritura convencional ou non–, iniciándose no uso do teclado para a codificación, con propósitos e intencións diferentes: recoller e transmitir información, entretemento...	Iniciouse no uso da escrita en situacións contextualizadas e reais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Competencia en comunicación lingüística</li> <li>- Competencia para aprender a aprender</li> <li>- Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico</li> <li>- Autonomía e iniciativa persoal.</li> <li>- Competencia cultural e artística.</li> </ul>
17. Mostrar unha actitude de escoita e participación na lectura de textos literarios.	Escoita atenta na lectura en voz alta	Gozar compartindo a escoita e a lectura en voz alta de textos literarios: contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas...	Escoita con atención a lectura de diferentes textos literarios: contos, relatos, lendas, poesías, rimas, adiviñas...	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Competencia en comunicación lingüística</li> <li>- Competencia para aprender a aprender</li> </ul>



	<p>Interpretación de textos escritos</p> <p>-Cantiga “as abelliñas de San Miguel”</p>		<p>Comparte coas compañeiras e compañeiros interpretacións, sensacións, emocións e opinións tras a escoita de textos literarios.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico</li> <li>- Autonomía e iniciativa persoal.</li> <li>- Competencia cultural e artística.</li> </ul>
<p>18. Empregar a biblioteca como lugar de encontro, benestar e de diversión; respectando as normas e recursos da mesma</p>	<p>A biblioteca como espazo de encontro, diversión e aprendizaxe.</p>	<p>Utilizar a biblioteca con respecto e coidado, valorándoa como recurso informativo e de entretemento.</p>	<p>Respecta e coida a biblioteca da aula.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Competencia en comunicación lingüística</li> <li>- Competencia para aprender a aprender</li> <li>- Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico</li> <li>- Autonomía e iniciativa persoal.</li> <li>- Competencia cultural e artística.</li> </ul>
	<p>Actitude de coidado dos libros e material da biblioteca.</p>		<p>Fai uso da biblioteca valorándoa como espazo no que se divirte.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Autonomía e iniciativa persoal.</li> <li>- Competencia cultural e artística.</li> </ul>
<p>19. Iniciarse no uso oral dunha lingua estranxeira para comunicarse en actividades dentro da</p>	<p>Interaccións orais en lingua estranxeira.</p>	<p>Amosar unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira.</p>	<p>Amosa unha actitude positiva cara á aprendizaxe dunha lingua estranxeira.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Competencia en comunicación lingüística</li> <li>- Competencia para aprender a aprender</li> <li>- Autonomía e iniciativa persoal.</li> <li>- Competencia cultural e artística.</li> </ul>



aula, e mostrar interese e goce ao participar nestes intercambios comunicativos				
20. Afacer aos alumnos aos sons da lingua inglesa.	Cancións, contos, rimas... en lingua inglesa.	Participar en interaccións orais, en rutinas, cancións, xogos...	Participa en interaccións orais, en rutinas, cancións, xogos...	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Competencia en comunicación lingüística</li> <li>- Competencia para aprender a aprender</li> <li>- Autonomía e iniciativa persoal.</li> </ul>
21. Comprender ordes sinxelas, expresións e textos de forma oral.	Emprego de vocabulario e expresións das Unidades Didácticas.	Empregar vocabulario e expresións traballadas na aula.	Emprega vocabulario e expresións traballadas na aula.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Competencia en comunicación lingüística</li> <li>- Competencia para aprender a aprender</li> <li>- Autonomía e iniciativa persoal.</li> </ul>
22. Reproducir e repetir oralmente en Inglés pequenas estruturas lingüísticas e sinxelas mensaxes.	Escoita activa e repetición axeitada	Escoitar e reproducir activamente as estruturas lingüísticas.	Escoita e reproduce activamente as estruturas lingüísticas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Competencia en comunicación lingüística</li> <li>- Competencia para aprender a aprender</li> <li>- Autonomía e iniciativa persoal.</li> </ul>
23. Recoñecer o vocabulario e expresións en inglés que estean relacionados coa súa	Expresións convencionais de saúdo, despedida, de	Utilizar expresións habituais da vida cotiá relacionados coa súa	Utiliza expresións habituais da vida cotiá relacionados	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Competencia en comunicación lingüística</li> <li>- Competencia para aprender a aprender</li> </ul>



realidade máis próxima e inmediata.	desculpa ou agradecemento en lingua inglesa.	realidade próxima.	coa súa realidade próxima.	- Autonomía e iniciativa persoal.
24. Empezar a utilizar a lingua estranxeira para expresar situacións, sentimentos e emocións.	Interese por utilizar o Inglés nas actividades cotiás.	Comunicar as sensacións propias en lingua estranxeira.	Comunica as sensacións propias en lingua estranxeira.	- Competencia en comunicación lingüística - Competencia para aprender a aprender - Autonomía e iniciativa persoal.
25. Adquirir o gusto e o interese pola lingua inglesa, desenvolvendo actitudes de tolerancia cara ás distintas culturas.	Conciencia de multiculturalidade	Respectar e valorar as diferentes culturas.	Respecta e valora as diferentes culturas.	- Competencia en comunicación lingüística - Competencia para aprender a aprender - Autonomía e iniciativa persoal. - Competencia no coñecemento e interacción co mundo físico - Competencia cultural e artística.
27. Comprender a idea global de textos orais en lingua estranxeira, en situacións habituais da	Concepción de ideas xenéricas en textos orais e situacións habituais de aula.	Entender a idea principal do tema que se está a falar.	Entende a idea central do tema que se está a falar.	- Competencia en comunicación lingüística - Competencia para aprender a aprender - Autonomía e iniciativa persoal.





# Colegio Miraflores Ourense

aula e cando se fale de temas  
coñecidos e predicibles.

1. Avaliación e cualificación	
<b>Avaliación</b>	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Observación semanal mediante videoconferencia na plataforma Teams.</li> <li>• Revisión de tarefas entregadas a través do correo electrónico ou plataforma Teams.</li> <li>• Preguntas orais establecidas nas videoconferencias.</li> <li>• Participación activa nas videochamadas.</li> <li>• Revisión das tarefas entregadas.</li> </ul>
	<p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Videoconferencias</b></li> <li>• <b>Actividades escritas:</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Fichas de repaso.</li> <li>– Actividades caderno.</li> </ul> </li> <li>• <b>Probas orais:</b> preguntas concretas relacionadas con contidos a traballar durante as sesións de videochamadas.</li> <li>• <b>Caderno de aula:</b> recolleremos información tamén de forma puntual a partir do caderno para valorar distintas actividades, así como a súa organización e limpeza.</li> <li>• <b>Traballo diario:</b> valoración do traballo de cada día. Os nenos/as ensinan o traballo que realizan durante as videochamadas.</li> <li>• <b>Parte de rexistro diario do profesor.</b> Seguirase mediante este instrumento as tarefas, videochamadas, incidencias, dúbidas e comunicacións establecidas.</li> </ul>
<b>Cualificación final</b>	<p>A obtención da cualificación final será globalizada atendendo aos resultados obtidos na primeira e segunda avaliación. A isto engadiranse os resultados acadados en canto ao cumprimento ao 100% dos indicadores de aprendizaxe aplicados no terceiro trimestre</p>



## 2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

<b>Actividades</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• As actividades serán as marcadas no libro de texto de xeito xeral. Poderanse realizar modificacións desas actividades co fin de garantir unha axeitada consecución dos obxectivos marcados.</li><li>• Darase prioridade a selección de actividades que permitan repasar reforzar ou afondar nos contidos establecidos nos dous primeiros trimestres do curso.</li><li>• A ampliación de contidos realizarase de xeito excepcional sempre e cando se poida garantir que a presenza do profesor non é precisa ou esta poida ter lugar para o 100% do alumnado de xeito telemático.</li><li>• Realizarase propostas de actividades interactivas que fomenten o interese do alumnado e permitan o reforzo e repaso.</li><li>• O deseño das actividades propostas polo profesor partirá sempre de complexidade baixa a alta. Realizarase unha readaptación continua das actividades propostas en función dos resultados xerais do grupo.</li></ul>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• A partir da plataforma Teams, Educamos e correo electrónico establecerase o traballo diario e o seguimento de cada alumno. No caso de alumnos sen conectividade o titor establecerá coa familia a forma de traballo oportuna atendendo as características de cada situación.</li><li>• Establecerase unha videoconferencia semanal no horario marcado con previo aviso a modo de sesión online. Todas as actividades quedarán rexistradas en Educamos.</li><li>• Durante as sesións online darase prioridade a resolución de dúbidas das actividades de reforzo e repaso establecidas.</li><li>• Diseñaranse actividades de aprendizaxe integradas que lles permitan aos alumnos avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.</li><li>• A acción docente promoverá actividades de reforzo e repaso de contidos dos dous primeiros trimestres.</li></ul>



	<ul style="list-style-type: none"><li>• Diseñaranse tarefas que supoñan o uso significativo da lectura, escritura, Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) e a expresión oral mediante debates ou presentacións orais.</li><li>• Procurarase seleccionar materiais e recursos didácticos diversos, variados, flexibles e polivalentes, interactivos e accesibles tanto no que se refire ao contido como ao soporte.</li><li>• Fomentarase a participación de todo o alumnado durante as videoconferencias.</li><li>• Emitirase unha resposta a todas as tarefas entregadas por o alumnado mediante o correo electrónico ou as diversas plataformas de comunicación, aportando un <i>feedback</i> positivo do traballo realizado.</li><li>• Realizarase un rexistro diario das actividades, tarefas e videoconferencias levadas a cabo, así como da resolución das dúbidas que puidesen xurdir.</li></ul>
<b>Materiais e recursos</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>• Conexión á rede.</li><li>• Dispositivo móbil</li><li>• Acceso a Educamos</li><li>• Acceso a correo electrónico.</li><li>• Acceso a Microsoft Teams</li><li>• Libro dixital ou físico.</li><li>• Caderno/Libro</li><li>• Fotocopiadora</li><li>• Cámara ou escáner</li></ul>



### 3. Información e publicidade

<b>Información alumnado e familias</b>	ao ás	Mediante circular a través da plataforma Educamos, comunicarse ás familias do alumnado a posta a súa disposición do presente documento na paxina web do colexio, así como a posibilidade de solicitar unha copia das mesmas a través do correo de <a href="mailto:secretaria@colegiomirafloresourense.es">secretaria@colegiomirafloresourense.es</a> .
<b>Publicidade</b>		<a href="http://www.colegiomirafloresourense.es">www.colegiomirafloresourense.es</a>